- e) A falta de puntualidade reiterativa respecto da asistencia á aula poderá supor unha amonestación escrita co conseguinte aviso aos pais.
- f) Non se recollerá o material nin se pode levantar a cadeira para irse ata que o profesor/a de por terminada a sesión.
- g) Non se pode ir ao baño salvo casos especiais.

## **8. AVALIACIÓN**

A avaliación da aprendizaxe dos alumnos na ESO será continua e integradora, aínda que diferenciada segundo as distintas áreas e materias do currículo.

Avaliarase ao alumnado tendo en conta os obxectivos específicos e os coñecementos adquiridos en cada unha das áreas e materias, segundo os criterios de avaliación que se establezan no currículo para cada curso e concretados nas programacións didácticas.

O profesorado avaliará, ademais das aprendizaxes dos educandos, os procesos de ensino e a súa propia práctica docente en relación co logro dos obxectivos educativos do currículo, reflectido na memoria do departamento que se realiza a final de curso.

### **8.1 Avaliación inicial**

A avaliación inicial realizarase nas primeiras semanas do curso e sempre antes da data establecida polo centro para a avaliación inicial. Consistirá nunha proba práctica para coñecer o grao de dominio e coñecementos previos do alumnado.

Teranse en conta os seguintes puntos:

- Capacidade de expresión artística.
- Comprensión de mensaxes e resolución de problemas.
- Creatividade.
- Nivel de utilización dos materiais. Destreza gráfica.
- Autonomía ante resolucións de problemas de tipo tecnolóxico.
- Relación social cos compañeiros.
- Sentido estético.
- Nivel de uso de vocabulario específico.
- Coñecemento da área.
- Nivel de desenvolvemento da capacidade de observación.
- Nivel de aplicación da memoria.
- Capacidade de resolución de problemas e toma de decisións. Actitude proactiva.

- Capacidade de relacionar a materia co entorno cotidiano.
- Disposición de traballo e colaboración cos compañeiros/as.

A través disto realizarase unha adaptación dos obxectivos e contidos propostos.

## 8.2 Avaliación final

Levarase a cabo unha avaliación formativa e continua, usada habitualmente como medio visual de aprendizaxe.

O alumnado aprende a través do seu traballo, nas actividades correspondentes. Motivo polo cal o traballo na aula ocupa a maior parte do tempo. O docente o que fará será observar, axudar, corrixir, indicar, potenciar e estimular este traballo a través das indicacións persoais e diarias sobre o desenvolvemento das láminas do alumnado. Este último descobre os logros e deficiencias en canto se producen, de modo que se poden superar canto antes.

As orientacións ao alumnado estarán destinadas á mellora e á axuda, non a poñer nota.

En último lugar levarase a cabo unha avaliación sumativa.

Recolleranse periodicamente as láminas e traballos desenvolvidos polo alumno/a, tanto de forma individual como en grupo, ao acabar o desenvolvemento de cada unidade didáctica. Devanditos traballos serán cualificados e devoltos a cada alumno/a coa nota e correccións correspondentes para, se é o caso, volver a ser resoltos.

Será unha nota media entre as notas adquiridas en cada un dos tres trimestres

En cada trimestre realizarase unha proba escrita e valorarase o traballo de aula. Os instrumentos de cualificación son os seguintes:

Para 1º e 3º ESO

- 1 -30% a proba escrita. Haberá preguntas do bloque correspondente
- 2 -60% ( onde 50% inclúen as fichas (prácticas) e os apuntes teóricos e 10% proxecto persoal)
- 3 -10% observación de aula. Actitude.

Para 4ºESO

- 1 -30% a proba escrita. Haberá preguntas do bloque correspondente. Ou, no caso de que a profesora o decida, polas condicións do grupo, no seu lugar será avaliado un proxecto persoal.
- 2 -50% traballo de aula, (fichas láminas e apuntes teóricos)
- 3 -20% observación de aula. Actitude.

Nos puntos 1 e 2 a nota debe ser 5 ou superior.

O redondeo será a partir do .75 pasará a ser un punto por riba (exemplo: 5.60=5 e 5.75 = 6)

Se un alumno/a non supera algunha das partes daráselle a oportunidade de recuperala para superala avaliación. Dita proba farásese nos primeiros 15 días do seguinte trimestre (se se dá o caso no 3º trimestre, o período será nos últimos días do mesmo)

Se un alumno/a chegado xuño ten algunha avaliación non superada terá a oportunidade de facer unha proba final de cada trimestre suspenso. En dita proba haberá traballos prácticos e probas de coñecemento de contidos propostos polo profesor/a.

A nota numérica da avaliación final será unha media das puntuacións das avaliacións de cada trimestre e un reflexo do traballo xeral do alumno/a ao longo de todo o curso, así como do nivel acadado no aproveitamento dos contidos, consecución de obxectivos, estándares de aprendizaxe e adquisición de competencias básicas. Pero ademais como a materia ten carácter progresivo, a evolución dun alumno ao longo de todo o ano será tida en conta.

Para poder facer dita media numérica cada avaliación deberá estar aprobada cun mínimo dun 5 sobre 10.

### **8.3. Avaliación Extraordinaria**

Os alumnos/as coa materia suspensa na avaliación final de xuño, terán que presentarse a unha proba escrita teórico-práctica sobre os contidos dados ao longo do curso na convocatoria extraordinaria de finais de xuño.

Poderán facilitárselle algúns traballos similares aos feitos ao longo do curso que lle sirvan de práctica e lle axuden a recuperar máis facilmente a materia.

A proba extraordinaria será unha proba de coñecementos e entrega de traballos prácticos de repaso proposta polo profesor. O 100% da nota será a nota numérica acadada na proba escrita.

### **8.4 Procedementos de recuperación e avaliación de pendentes**

Os alumnos coa materia pendente farán entregas mensuais dun cartafol de actividades facilitadas polo profesor. En maio farán unha proba escrita da totalidade dos contidos da materia. A nota final será unha media ao 50% da parte práctica (cartafois) e a parte teórica (proba maio)

De superaren estas dúas partes daráselle por superada a materia deixando de quedarlle pendente.

\* Aos alumnos/as que presenten os boletíns adecuadamente feitos avaliaráselle desta forma:

- 50% da nota: boletíns de exercicios.
- 50% da nota: proba escrita (facéndolle media cos exercicios sempre que nesta parte saque un mínimo de 4 puntos)

\* Ao alumnado que non entregue os boletíns de exercicios avaliaráselle soamente pola proba escrita de maio, que deberá chegar, como mínimo, a un 5 na puntuación para aprobar.

### **8.5 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN**

Este curso 2021-22 disporanse os seguintes indicadores de logro para a avaliación do ensino e a

práctica docente:

• REALIZACIÓN AXEITADA DE TRABALLOS DE CLASE, individuais e en grupo:

- Láminas.
- Exercicios prácticos.
- Cuestionarios e test escritos.
- Razoamento e resolución oral ou na pizarra de cuestións sobre aspectos concretos das unidades didácticas explicadas.
  - Cartafol do alumno/a.
  - Caderno do alumno/a.

Proba de avaliación escrita	Contido teórico práctico	<b>30% (1º 3º 4º ESO)</b>
Evidencias dos estándares de aprendizaxe. Caderno de clase	Valórase a corrección dos contidos e a limpeza, precisión e correcta execución dos traballos según a técnica empleada e o formato utilizado. A orde, limpeza e o contido dos apuntes tomados na clase.) Exercicios de aplicación directa dos contidos realizados na aula. Láminas de profundización. Realización de proxectos persoais. Exposicións Traballos en equipos...	<b>60%. (1º 3º ESO)</b> <b>50% (4º ESO)</b>
Avaliación do traballo competencial Observación na aula Habilidades e actitudes	Entrega dos traballos na data indicada, aproveitase o tempo da clase, puntualidade. Respeto polo traballo propio e alleo. Interese e esforzo. Trae o material necesario, participar atenta e activamente. Proxecto lector	<b>10% (1º 3º ESO)</b> <b>20% (4º ESO)d</b>

• O alumnado deberá entregar o 100% dos traballos pedidos en cada trimestre, tendo en conta que non se recollerán fóra de prazo ou de recollese (se non excede excesivamente o prazo e o retraso e debido a circunstancias especiais) puntuarán a metade da nota real obtida que si fosen entregadas no seu momento ou un máximo dun 5. Para facer nota media con ditos traballos o alumnado deberá sacar un mínimo de 4 na proba escrita.

• Os traballos feitos durante o ano, calificados e non calificados, deberán ser conservados polo alumnado ata o inicio do curso seguinte. Estes poderán pedirse ao alumno/a en calquera momento do curso.

### **8.5.1 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN CONTEMPLANDO OS POSIBLES ESCENARIOS EN FUNCIÓN DA SITUACIÓN SANITARIA**

#### **CUALIFICACIÓN EN MODALIDADE PRESENCIAL**

A que aparece na programación.

## **CUALIFICACIÓN EN MODALIDADE SEMIPRESENCIAL**

Valorarase cuantitativamente o traballo do alumnado durante o curso en modalidade semipresencial da seguinte forma:

1- Da maneira que as autoridades educativas determinen e comuniquen oficialmente ó profesorado. Neste caso farase público para coñecemento de pais e alumnado polas canles que habiliten as administracións educativas, preferentemente a páxina web do instituto ou a Aula Virtual.

2- De non producirse o feito ó que fai referencia o punto 1:

- No caso de que o tempo de semipresencialidade sexa igual ou menor a 15 días hábiles lectivos continuos (sen contar sábados e domingos) por trimestre: manteranse os criterios e porcentaxes da modalidade presencial, adaptando segundo o criterio do docente as datas de entrega das distintas actividades.

- No caso de que o tempo de semipresencialidade sexa superior a 15 días hábiles lectivos continuos (sen contar sábados e domingos) por trimestre: tomaranse como referencia os criterios de cualificación que se explican no apartado seguinte (cualificación en modalidade non presencial).

## **CUALIFICACIÓN EN MODALIDADE NON PRESENCIAL**

Valorarase o traballo do alumnado durante o curso en modalidade non presencial da seguinte forma:

1-Da maneira que as autoridades educativas determinen e comuniquen oficialmente ó profesorado. Neste caso farase público para coñecemento de pais e alumnado polas canles que habiliten as administracións educativas, preferentemente a páxina web do instituto ou a Aula Virtual.

2-De non producirse o feito ó que fai referencia o punto 1:

-100% da nota a media da cualificación das actividades realizadas polo alumnado coa periodicidade esixida polo docente, diaria ou semanal (quedarán indicados na descrición das actividades).

Convocatoria extraordinaria de setembro:

O alumnado que non supere a materia en xuño e teña que acudir a setembro será avaliado:

1-Da maneira que as autoridades educativas determinen e comuniquen oficialmente ó profesorado. Neste caso farase público para coñecemento de pais e alumnado polas canles que habiliten as administracións educativas, preferentemente a páxina web do instituto ou a Aula Virtual.

2-De non producirse o feito ó que fai referencia o punto 1, o plan de recuperación de setembro será entregado ó alumnado e exposto na Aula Virtual do curso correspondente. Nel indicarse o procedemento de recuperación.

\* Para a avaliación en metodoloxía non presencial tomaranse como referencia os obxectivos mínimos esixibles determinados polo/a docente da presente programación.

\* No caso de producirse nun mesmo trimestre a necesidade de cualificar globalmente tendo en conta diferentes criterios de cualificación (presencial, semipresencial e non presencial) procederase da seguinte forma:

1-Da maneira que as autoridades educativas determinen e comuniquen oficialmente ó profesorado. Neste caso farase público para coñecemento de pais e alumnado polas canles que habiliten as administracións educativas, preferentemente a páxina web do instituto ou a Aula Virtual.

2-De non producirse o feito ó que fai referencia o punto 1: terase en conta de forma cuantitativa a porcentaxe de días que se desenvolveron cada unha das modalidades citadas e calcularase a nota tendo en conta os criterios xa indicados por modalidade.

• **Criterios de promoción.**

· Para obter unha Calificación final positiva na avaliación ordinaria: farase media aritmética das notas das 3 avaliacións superior a 4,5 puntos. Precisarase ter 4 puntos ao menos en cada unha das avaliacións para poder facer a media.

· Avaliación extraordinaria de setembro: os alumnos que non aproben a materia na avaliación final ordinaria de xuño realizarán un traballo asignado por profesor que entregarán no momento da proba.

**9. AVALIACIÓN DO ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE**

Para a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente empregouse a seguinte rúbrica que será incluída na memoria final do Departamento.

INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO	ESCALA			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumno?				
2. Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
3. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5. Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7. Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8. Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				



9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

## 10. REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN ÓS RESULTADOS ACADÉMICOS. PROCESOS DE MELLORA

O procedemento empregado será o seguinte e será incluído na memoria final do departamento:

MECANISMOS AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN AVALIACIÓN DIDÁCTICA (INDICADORES DE LOGRO)	ESCALA			
	1	2	3	4
1. Diseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2. Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?				
4. Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5. Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6. Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7. Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8. Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9. Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10. Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11. Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12. Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13. Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14. O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado? *				
15. Diseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16. Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				

17. Fixouse para o bacharelato un procedemento de acreditación de coñecementos previos?*				
18. Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc				
19. Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20. Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21. Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22. Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes? *				
23. Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?*				
24. Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25. Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. Vinculados aos estándares?				
26. Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?*				
27. Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28. Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29. Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
30. Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
31. Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32. Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

## 11. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

No desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, ha de terse moi presente a existencia de diferentas entre os alumnos. Estas diferenzas afectan a distintos ámbitos, dos cales os fundamentais son estes:

- Distinta capacidade para aprender, que pode esixir reaxustes na axuda pedagóxica por parte do profesor.

Motivacións: débense ofrecer aos alumnos contidos funcionais para eles.

- Estilos de aprendizaxe: o alumno/a pode ser reflexivo ou impulsivo, sintético ou analítico, con preferencia pola percepción visual ou auditiva; ademais de presentar diversos niveis de atención, de abstracción, etc.

- Intereses, que nestas idades diversifícanse e conectan co seu futuro académico ou laboral.

O obxecto da Educación Secundaria Obrigatoria é ofrecer ao alumnado unha cultura común, á que deberá acceder calquera persoa en igualdade de condicións.

Á marxe das vías específicas, a atención á diversidade do alumnado hai que entendela como un elemento da práctica docente diaria. Segundo as necesidades de cada momento, axustarase a actuación na aula.

Trátase, por tanto, de entender a actividade docente como un proceso no que é preciso ofrecer despostas diferenciadas en función dos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe, o que supón propor aprendizaxes e actividades adaptadas ás necesidades, intereses e capacidades de cada educando, en función de factores propios e de orixe sociocultural.

A avaliación inicial é imprescindible para detectar canto antes as peculiaridades de cada alumno.

Terase que incidir naqueles contidos en que os alumnos mostran un nivel menos homoxéneo. Por experiencia é sabido que as habilidades instrumentais así como as capacidades de visualización e representación varían moito duns alumnos/as a outros/as. Polo que se exporá un reforzo educativo con especial incidencia no desenvolvemento destas capacidades. Segundo o punto de partida de cada alumno, as súas dificultades e a súa zona de desenvolvemento próximo, tentarase, sempre na medida das posibilidades, un ensino individualizado con estratexias e procedementos que melloren a comprensión e a expresión. Isto non quere dicir que o alumno/a traballe illado: ao contrario, resaltarase a función comunicativa e expresiva da linguaxe plástica con actividades baseadas na cooperación (traballos en grupo, correccións colectivas, postas en común para a análise das posibilidades e dos posteriores resultados sobre os traballos propostos, etc.).

É importante que as actividades propostas sexan variadas e permitan diferentes niveis de profundización e sinalar que as actividades de ampliación non poden implicar o desenvolvemento de contidos que non estean na programación, senón que suporán un maior grao de profundización nos mesmos e que os criterios de avaliación aplicaranse considerando todo o exposto: non podemos pretender que todos os/as alumnos/as adquiren os mesmos niveis de aprendizaxe sobre a totalidade dos contidos traballados.

Será fundamental e imprescindible a colaboración co departamento de orientación do centro.

<b>Medidas ordinarias</b>	
Organizativas	Curriculares
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula.</li> <li style="margin-left: 20px;">a) Tempos diferenciados, horarios específicos, etc.</li> <li style="margin-left: 20px;">b) Espazos diferenciados.</li> <li style="margin-left: 20px;">c) Materiais e recursos didácticos diferenciados.</li> <li>• Desdoblamento de grupos.</li> <li>• Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Adaptacións metodolóxicas para algún alumno / grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.</li> <li>• Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a.</li> <li>• Programas de reforzo para o alumnado que tivo promoción sen superar todas as materias.</li> <li>• Programa específico para alumnado repetidor da materia.</li> <li>• Aplicación personalizada dese programa específico para repetidores da materia.</li> </ul>

<b>Medidas extraordinarias</b>	
Organizativas	Curriculares
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Alumnado que recibe apoio por parte do profesorado especialista en PT / AL.</li> <li>• De ser o caso, grupos de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro).</li> <li>• De ser o caso, grupos de adaptación da competencia curricular (alumnado estranxeiro).</li> <li>• Outras medidas organizativas: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Adaptacións curriculares na materia.</li> <li>• De ser o caso, agrupamento flexible ou específico autorizado na materia.</li> <li>• Alumnado con flexibilización na escolarización.</li> <li>• Descrición do protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia os reforzos, apoios, adaptación, etc. (coordinación cos PT / AL / outro profesorado de apoio / profesorado do agrupamento / etc.</li> </ul>

## 12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Buscarase ao longo do curso información sobre algún acontecemento que puidera resultar interesante e educativo (exposicións, proxeccións de películas, etc., ) ó que se podería acudir. Se a situación extraordinaria causada polo Covid 19 o permite.

Colaborarase coas actividades do centro programadas en datas especiais como Samaín, Nadal, Entroido,... Se a situación extraordinaria causada polo Covid 19 o permite.

## 13. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

### OBXECTIVOS

- Conseguir o hábito lector desde o disfrute da lectura.
- Entender a lectura como un motor posibilitador de comprensión, reflexión, expresión e creatividade.
- Estimular a capacidade crítica e analítica na lectura e comprensión das distintas mensaxes visuais procedentes dos distintos medios de comunicación e/ou do entorno natural e cotiá.
- Favorecer e colaborar no desenvolvemento das expresión orais e escritas como consecuencia da aplicación práctica dos dous puntos anteriores.
- Fomentar a autonomía propia de cada individuo e axudar a desenvolver a súa creatividade persoal a hora de expresarse oral ou gráficamente, tanto con imaxes como con textos.
- Favorecer o emprego das técnicas e estratexias oportunas para a procura, localización, selección, recollida, tratamento e produción da información.

### TEMPORALIZACIÓN

1º ESO 5 sesións por curso (aproximadamente 2 sesións por trimestre)

3º ESO 5 sesións por curso (aproximadamente 2 sesións por trimestre)

4º ESO 7 sesións por curso (aproximadamente 2 sesións por trimestre)

### METODOLOXÍA

O plan levarase a cabo coas seguintes actividades:

- Lectura comprensiva de textos e imaxes procedentes de distintos medios de comunicación.
- Para mellorar a comprensión oral (entende o que escoita) poderán facerse audicións, visionado de videos e fragmentos cinematográficos.
- Búsqueda de imaxes e textos relacionados cos medios de comunicación e a arte.
- Postas en común de carácter analítico e crítico das imaxes e textos buscados.
- Investigación sobre o vocabulario técnico e propio da materia, creando un glosario cos novos termos adquiridos durante o curso.
- Realización de mapas conceptuais a partir da información recollida e as conclusións extraídas polo propio alumnado.
- Tomando como base fundamental a caligrafía propia do alumno/a poderá realizarse caligrafía artística de textos copiados ou inventados.
- Creación de caligramas.
- Partindo de poemas curtos farase unha actividade consistente na representación de dito texto de modo que algunhas palabras sexan substituídas por imaxes que permita entender o contido sen escribir todo o poema.

- Pedirase a contribución do alumnado para que traian noticias referentes ao mundo da arte, recollidas de prensa, internet... para ser comentadas e poderán ser expostas na corcheira da aula ou nos pasillos.
- Redacción de textos breves para presentacións, guións de banda deseñada ou storyboards, lecturas de imaxes, monográficos, fichas técnicas de películas, etc. En todas elas revisarase e valorarase a corrección ortográfica.
- Ilustracións de relatos ou creación de portadas para un libro lido polo alumnado.

## RECURSOS.

\* Sempre e cando se poña o coidado necesario que marca o protocolo COVID 19

- Biblioteca do centro.
- Biblioteca da aula.
- Aula de informática do centro.
- Internet e material audiovisual.
- Libros de texto de diferentes niveis e editoriais.
- Xornais e revistas.
- Láminas aportadas polo profesor/a.
- Obras de arte (de realizarse a visita a algunha exposición).

## ITINERARIO LECTOR

- 1º ciclo da ESO
- Rojo, Azul y un poco de Amarillo de Bjong Sortland y Lars Elling. (Ediciones de la Torre, 2001). Primeiro número dunha nova serie adicada a pequenos lectores entusiasmados coa arte. A visita de Oda ao museo vai ser un fascinante contacto cos grandes pintores modernos e as súas obras.
- Páxinas webs con enlaces aos seguintes contos ilustrados gratuitos de Adrián Suárez Mourinho (que podes ver na web ou descargar en PDF) nos que podes dar a tua opinión para que o creador os continúe coa tua axuda:
  - Viaje al sol: <http://nuevebits.es/viajealsol/cuento/>
  - La bruja de papel: <http://nuevebits.es/viajealsol/ya-puedes-leer-la-bruja-de-papel/>
- Se les Viaje al Sol e che gusta, dalle un Me Gusta en facebook o síguelo a través de Twitter. O apoio é o máis importante para un autor porque é a mellor maneira de ver recoñecido o seu traballo. Cada Me Gusta conta. Ademais, pódese seguir no seu blogue tódolos detalles do proceso de creación, así coma a idea que sacou de Aladín e a influencia da súa afición por Goku e Final Fantasy VII no cómic.
- Unha versión revisada e actual na que a cinsenta non ten nada que ver coa que nos contaban de pequenos/as e que titúlase La cenicienta que non quería comer perdices, de Nunila López. Atoparala no seguinte enlace en versión dixital pero, se che gusta moito, tamén podes mercala: <http://www.mujiresenred.net/IMG/pdf/lacenicentaquenoqueriacomerperdices.pdf>
- Cuentos de Arte: arte del siglo XX, trátase dun relato en formato presentación dixital que nos conta a historia da detective Roy a través de diferentes cadros da arte do século XX. O enlace que nos permitirá lelo é o seguinte e quen o presenta é a Asociación Aletheia: <http://www.slideshare.net/asociacionaletheia/cuentos-de-arte-arte-del-siglo-xx>
- A Asociación Aletheia presenta máis relatos ilustrados coa obra de diferentes artistas. Estes son varios enlaces para que disfrutes da historia ao mesmo tempo que coñeces a obra artística de diferentes autores de distintas épocas, tales como Degás, William Blake, Chagall o Brueghel-Vermeer.
  - <http://es.scribd.com/doc/53284634/Cuentos-de-Arte-Degas>
  - <http://es.scribd.com/doc/64364104/Cuentos-de-Arte-William-Blake>
  - <http://es.scribd.com/doc/40188714/Cuentos-de-Arte-Chagall>
  - <http://es.scribd.com/doc/41687387/Cuentos-de-Arte-Brueghel-Vermeer>
- Cómic de Mortadelo e Filemón.
- Animales de papel. Papiroflexia de Vicente Palacios (Ed. Círculo de Lectores).
- Un detective en el museo de Nilsen, Anna. (Ed. Blume, 2001)
- Plantando libros da exposición organizada polo Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra e a Xunta de Galicia.

- Diario para el aprendiz de ilustrador de Claude Lapointe e Sylvette Guindolet (Ed. San Pablo).
- Cómo dibujar cómics. La creación de personajes de Duane Barnhart (Ed. Idea Books).
- Monográficas de distintos artistas da editorial Taschen.
- 2º ciclo da ESO
- Cuento azul de Marguerite Yourcenar.

O texto completo pódese baixar na seguinte ligazón:

[https://www.google.es/webhpsource=search\\_app & gws\\_rd=cr & ei=QBlyUs3DNMXNswbjlC4DQ#q=Cuento+azul+de+Marguerite+Yourcenar+descargar+gratis](https://www.google.es/webhpsource=search_app&gws_rd=cr&ei=QBlyUs3DNMXNswbjlC4DQ#q=Cuento+azul+de+Marguerite+Yourcenar+descargar+gratis)

Trátase dun precioso conto dun exhuberante léxico cheo de referencias cromáticas exóticas, sensuais e máxicas (entre as que destaca toda a gama de azuis), sobre os avatares de varios codiciosos mercaderes de distintos países a búsqueda duns zafiros.

• No seguinte blogue denominado Masquecuento poderás atopar relatos breves ordenados por temas nunha columna situada á dereita: amor, amizade, animais, diñeiro, relacións... Lense moi facilmente xa que non ocupan máis que unha páxina e son moi suxerentes deixando voala imaxinación con moi poucas palabras.

Deixo un enlace do relato titulado La escapada, que che servirá para entrar e poder acceder a tódolos demais relatos: <http://masquecuento.blogspot.com.es/>

• Outro blog co nome Los cuentos que yo cuento, cheo de relatos breves, algúns moi breves, case de dous ou tres parágrafos, ordeados alfabéticamente e que, como di o seu creador, Eugenio García González (aínda que firma coma Delokos), permitiranche pensar, reflexionar e quizais espertar. Aquí queda o enlace para que o poidas disfrutar: <http://cuentosqueyocuento.blogspot.com.es/>

• Mujeres Artistas de los siglos XIX y XX de Uta Grosenick (Ed. Taschen-Benedikt, 2007).

Trátase dun percorrido con acertados comentarios e variadas ilustracións pola arte realizada por mulleres nestas dúas centurias.

• El misterio de Velázquez de Eliacer Cansino (Ed. Bruño 2000)

Aquí mostrásenos as confesións de Nicolás Pertusato, un mozo ao que o destino obrigou a participar nuns sucesos extraordinarios e ata hoxe ignorados. Este xoven que parece retratado en “Las meninas” evoca a súa vida, a loita por manter a súa dignidade a pesares da súa particular condición física e, finalmente, a súa enigmática relación co pintor Velázquez, que lle levará a acometer una nada doada empresa.

• Cómics de Axteris e Obelix.

• Iniciación á animación au2005, do obradoiro sobre a arte audiovisual nas aulas levado a cabo pola Consellería de Eduación e Ordenación Universitaria.

• Iniciación á televisión au2006, do obradoiro sobre a arte audiovisual nas aulas levado a cabo pola Consellería de Eduación e Ordenación Universitaria.

• Monográficas de distintos artistas da editorial Taschen.

• Expresionismo de Dietmar Elger (Ed. Taschen).

• Arte Contemporáneo de Klaus Honnef (Ed. Taschen).

• Atlas ilustrado de la Historia del arte da editorial Susaeta.

• Atlas ilustrado para Comprender el Arte da editorial Susaeta.

• Caricaturas ejercicios explicativos con imaxes de editorial Parramón.

• Ilusiones ópticas de Inga Menckhoff (Ed. Parragon).

• Todo lo que hay que saber sobre Arte (Ed. Taurus).

• Cartas a Théo, de Vincent Van Gogh (Ed. Júcar).

• Libro de ars attack.

## AVALIACIÓN DO PLAN LECTOR

A avaliación do plan lector inclúese dentro do 10% de actitudes e habilidades da avaliación xeral da materia.

Levarase a cabo unha avaliación formativa e continua, usada habitualmente como medio visual de aprendizaxe. O docente o que fará será observar, axudar, corrixir, indicar, potenciar e estimular ao alumnado cando desenvolva os traballos destinados a contribuir ao proxecto lector do centro, a través das indicacións persoais que o alenten e lles axude a desenvolver actitudes críticas e de reflexión sobre as actividades

plantexadas, así coma actitudes de autoaprendizaxe e autonomía.

#### 14. DATOS DO DEPARTAMENTO

<b>Materia</b>	<b>Curso</b>	<b>Grupos</b>	<b>Profesor/a</b>
EPeV	1ºESO	B,C,D	Tania González Tella
EPeV	3ºESO	A,B,C	Tania González Tella
EPeV	4ºESO	A, B	Tania González Tella
EPeV	1ºESO	A	Natalia Piñeiro Piñeiro

#### 15. REFERENCIAS NORMATIVAS

- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro (LOMLOE), pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación.
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29). No caso das programacións didácticas de Educación Primaria, Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9).
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).
- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

A Cañiza, a 15 de setembro de 2021